

Vigo
22-abril
1977

(Del Riego)

Sr. D. Luís Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta do día 5 dos correntes. Dóeme moito a situación do teu estado de ánimo. Ben comprendo as razóns que ~~te~~ ^{che} asisten pra te sentir defraudado. Pero penso de todos xeitos que non debemos renunciar á loita. Tí, pesie a todo, estás nas mellores condicións pra poder esixir, porque ninguén desconoce a xenerosidade dos teus esforzos ao servicio de Galicia, desentendéndote sempre de beneficios persoáis. Claro que hai cousas que doen, ben o comprendo. Noustante, paréceme que a inhibición túa sería unha verdadeira pena pra todos.

No tocantes á política galega xa te supoño enterado do ocorrido últimamente. Constituíuse a Xunta cos compoñentes previstos. Porén, nela figura Marino Dónega, a proposta dos Senadores, como único extraparlamentario. Confía en poder facer algo dentro dela en orde ao galeguismo. Certamente, a Xunta non terá tempo de actuar ~~non~~ transferencia de facultades antes de que se aprobe a Constitución. Pero ten o significado ao meu ver de representar un reconecemento da persoalidade política de Galicia. Despois, cando chegue o proceso autonómico, veremos si as cousas cambian como deben cambear.

Isaac pedíume un traballo sobre o labor do Seminario de Estudos Galegos como empresa de cultura, e xa llo mandéi. Debéu interpretar que o que tí lle indicache referíase á política cultural do Seminario, e non ao periodo entre o 36 e o 76.

Eu ando amolado esta tempada cunhas dóres de columna. Seguramente teréi que someterme a tratamento durante dez días no Policlínico da Rosaleda. Tamén Cunqueiro está mal a consecuencia dunha úlcera penetrante, ^{num pé} e como é diabético é moi probable que lle teñan que cortar. ~~o pé~~.

Remata de saír do prelo o libro "Galicia 2002" no que tí colaborache. Mándoches un exemplar por correo aéreo.

Por aquí as cousas siguen cheas de complicacións e de problemas. Confío, nembargante, ~~en~~ que as dificultades iranse superando de a pouco e en que non volveremos a ser vítimas de novas regresións na conquista da democracia.

E nada máis por hoxe. Con garimosos saúdos a Maruxa e de Evely pra os dous mándache a cordial aperta de sempre

Faco